RISCOS DERIVADOS DO USO

- Proxección de grampas ou cravos
- Exposición ao ruído

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

NORMAS DE SEGURIDADE

- Prohíbese o uso de luvas, buzos de mangas anchas ou cadeas, reloxos e pulseiras susceptibles de ser atrapados.
- Antes de utilizar a máquina, comprobaranse os seguintes extremos :
  - Que a presión de aire aplicada non excede a presión máxima recomendada polo fabricante.
  - Que o sistema de seguridade está en boas condicións de funcionamento (soamente cravará cando se apoie o morro da máquina sobre o material que se vai cravar).
- Prohíbese cargar ou descargar a cravadora mentres está conectada á liña de aire, mentres o sistema de seguridade está activado ou cando o gatillo está accionado.
- Actúe sempre como se a máquina estivese cargada.
- Estea ou non cargada con cravos, prohíbese apuntar a máquina contra un mesmo ou contra outras persoas (non se utilizará en lugares nos que existan persoas traballando debaixo ou tras os materiais que hai que cravar)
- Para evitar que os cravos causen danos a algunha persoa ao descargar a máquina, coloque sempre o morro desta contra a superficie en que está traballando; ao cravar, asegúrese de que o morro da máquina está sempre contra unha superficie de traballo de suficiente grosor e lonxe dos bordos (se o morro da máquina está en ángulo coa superficie de traballo ou preto do bordo ou contra unha superficie delgada, os cravos poden rebotar ou pasar a través da superficie de traballo e causar danos).
- É obrigatorio desconectar a máquina da liña de aire cando :
  - Non se estea manexando.
  - Haxa que realizar traballos de reparación ou mantemento (desatoamentos, etc).
  - Se traslade de lugar.
- Prohíbese utilizar a cravadora no modo de “disparo continuo” ou no modo de “disparo por contacto” cando o traballo implique:
  - Desprazarse dun lugar a outro utilizando escadas ou estadas.
  - Cerrar caixas ou outras embalaxes.
  - Todo traballo que implique movemento fóra dun posto de traballo fixo.

  Para este tipo de traballos, o modo de elixir será o “secuencial simple” (para disparar será necesario, para cada cravo, apertar o gatillo e accionar o mecanismo de seguridade de contacto).
- A conexión de aire de entrada, na parte posterior do mango, está roscada para un conector macho. É obrigatorio utilizar o axuste de conexión/desconexión rápida á liña de aire (prohíbese a conexión do axuste rápido directamente á máquina - esta operación retería aire na máquina ao desconectala da liña de aire -).
- Durante a carga e descarga de cravos seguiranse os seguintes pasos :
  - Desconecte a máquina.
  - Apoie a máquina sobre o seu costado, de forma que a cerradura da porta quede fronte a Vde.
  - Abra a porta. Abra totalmente a cuberta do cargador.
  - Retire a cinta da bobina de cravos e desenrole un anaco da bobina.
  - Coloque o primeiro cravo no carril de alimentación, ao mesmo tempo que coloca a bobina no cargador.
  - Cerre o cargador e a porta.
  - Ao quitar a cinta baleira da máquina, retire o dedo do gatillo e tire da cinta cara a arriba.
  - Conecte a máquina.
- É obrigatorio deixar de apertar o gatillo tan axiña como se deixe de cravar (prohíbese presionar o seguro contra ningún obxecto, agás contra o material que se está a cravar).
- A medida que os cravos se van cravando, a cinta de plástico é conducida fóra da máquina (tire dela cara a abaixo e rómpaa, mantendo o dedo afastado do gatillo).